



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación de padróns fiscais do lixo comercial e lixo vivendas 2021

ANUNCIO

Aprobación de padrón fiscais Lixo Comercial e Lixo Vivendas 2021

En data 31/03/2021, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Coristanco asinouse o Decreto n.º 278/2021, co seguinte contido:

“En atención aos padróns elaborados e correspondentes coa taxa de lixo comercial 2021 e lixo vivenda 2021, cos seguintes importes:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	SUXEITOS PASIVOS
Lixo comercial 2021	18.246,88 €	120
Lixo vivendas 2021	162.307,35 €	2.549

Visto o informe emitido pola Intervención deste Concello sobre os aspectos legais e procedimentais do asunto.

Vistas as miñas facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, do 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro.–Aprobar os padróns municipais correspondentes ao exercicio 2021 segundo o seguinte desglose:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	SUXEITOS PASIVOS
Lixo comercial 2021	18.246,88 €	120
Lixo vivendas 2021	162.307,35 €	2.549

Segundo.–Expoñer ao público o presente acordo e tódolos datos incorporados ao padrón que se aproba, por un período de quince días, no BOP e no no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta publicación, por tratarse de tributos de cobro periódico por recibo servirá de notificación colectiva a todo os contribuíntes, nos temos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro.–O período de cobro do presente padrón en período voluntario será o que se determine por parte da Deputación Provincial da Coruña en atención ao calendario fiscal aprobado a este efecto.

Cuarto.–Notificar o presente acordo ao Servizo de Xestión e Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que proceda a xestionar o seu cobro e dar conta do mesmo aos servizos económicos do Concello para a súa constancia e efectos.”

E para dar cumprimento ao acordado, asínase este documento electronicamente para a súa publicación.

Coristanco, 31 de marzo de 2021.

O alcalde

D. Juan Carlos García Pose